

▣ A casa da xuventude, a praza do matadoiro e a valgada de Belvís

Antecedentes recentes



Valgada de Belvís século XX

- 2000-2015: desde a AV A Xuntanza (e da veciñanza de San Pedro) hai unha constante preocupación pola zona, logo parque, que se concretou nun senfín de peticións (sendeiros, alumado, mobilidade, o campo de fútbol, mellora dos accesos, sinalización...) e polo traballo a prol da súa posta en valor. É grazas a nós, como barrio, que usamos e puxemos en valor o espazo, que moita xente e usa o parque.
- 2011: o pleno do Concello aproba por unanimidade, a demolición do edificio da Casa da Xuventude para a apertura do Parque de Belvís.
- 2012: a AV A Xuntanza ten as primeiras noticias (verbais) concretas sobre un proxecto que daquela era aínda unha idea.
- 2013: solicítase información á concellaría encargada (Desenvolvemento Urbano Sostible). Pedimos o proxecto de demolición pois a idea de “xa o fará a empresa que leve o contrato” non nos parece moi apropiada.
- 2014: Ao longo de todo o ano solicítase: proxecto de demolición e proxecto de intervención posterior (que deberían tramitarse conxuntamente). Pídese por escrito en xaneiro e moitas veces despois de palabra á concelleira responsable.



- 2014, abril: Unha reunión da Comisión Asesora do Plan Especial aproba o proxecto de demolición que aínda ten que ser aprobado pola D.X. De Patrimonio. Sabemos que non gustou moito aos expertos e que o condicionan ao de intervención posterior.
- 2014, maio: en maio solicitase unha entrevista co alcalde, Sr. Currás este é un dos temas da axenda pois queremos ver os proxectos.
- 2014, xullo: tras a dimisión do Sr. Currás, xestionase unha reunión co novo alcalde. Seguimos agardando.
- 2014, outono: a concelleira, Sra. Gutierrez confirma que o proxecto segue en marcha e que está redactándose o proxecto de arranxo posterior. Non vemos nin un nin o outro. Falase dunha licitación de máis de 160.000 euros só para tirar a Casa da Xuventude. Se sumamos o arranxo, estamos falando dun proxecto que custará cando menos 300.000 € (o 50% da obra da Rúa de San Pedro ou da de Quiroga Palacios).
- 2014 decembro: poñemos o asunto en coñecemento de ICOMOS e a D.X. De Patrimonio; encargamos un informe histórico preliminar sobre a zona. Finalmente, conseguimos acceder ao proxecto técnico de demolición que contén precaucións arqueolóxicas a respecto de catas, transporte de materiais, peso da maquinaria a usar... e que destina máis de 20.000 euros a poñer herba no burato que vai quedar. Na mesma reunión se nos fala abstractamente dun proxecto de intervención posterior en preparación que consiste “nun arranxo da praza” que levará un graderío.
- 2015, xaneiro: a falta de noticias no Concello, o asunto está en mans de ICOMOS e a D.X. de Patrimonio. Seguimos agardando unha reunión na Alcaldía e non temos outra noticia máis alá do que sae na prensa e dunha atenta carta do Sr. Hernández repetindo o dos xornais.